



CONCELLO DE BARBADÁS

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE BALCÓNS, XANELAS E PORTAIS DO NADAL 2023

Artigo 1. Obxeto

Esta campaña ten como finalidade, amosar as obras anónimas de decoración que realizan os/as veciños/as do Concello, coincidindo coas datas de Nadal, e en ningún momento ten finalidade comercial

Artigo 2. Beneficiarios/as

Poderán participar neste concurso tanto as persoas físicas como as xurídicas do Concello de Barbadás que teñan vivendas con balcóns, xanelas ou portais que poidan ser decorados. A estos efectos, será de aplicación o disposto no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 3. Valoración

O tema a desenvolver xirará en torno ao ambiente do Nadal. Haberá total liberdade en canto á técnica e estilo. Valorarase

- A creatividade.
- A orixinalidade.
- A combinación de elementos e cores,
- A iluminación e composición.
- Motivos empregados para decorar.

Artigo 4. Procedemento

Este premios outórganse, con carácter de subvención, en réxime de concorrencia competitiva.





CONCELLO DE BARBADÁS

Os impresos poderán obterse, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá ou a través da páxina web do Concello (www.barbadas.es)

Os impresos debidamente cumprimentados presentaranse por rexistro, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá, ou a través da Sede Electrónica desde o día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense ata o 12 de decembro de 2023.

Os interesados deberán, na solicitude de inscrición, facer unha declaración responsable de que se atopan ao corrente de obrigas coa Axencia Estatal da Seguridade Social, Instituto Nacional da Seguridade Social, Axencia Tributaria Galega e o Concello de Barbadás

Coa ficha de inscrición será preciso para formalizar a participación no concurso enviar unha foto do balcón, xanela ou portal ó enderezo de correo electrónico cet@barbadas.es ata o día 11 de decembro de 2023 (incluído) ata as 14:00 h, facendo constar no asunto do correo electrónico PARTICIPACIÓN CONCURSO DE BALCÓNS, XANELAS E PORTAIS así como o nome da persoa participante.

Artigo 5. Órganos competentes

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a incoación, aprobación das bases e convocatoria e resolución dos procedementos de concesión dos premios.

A Concellería de Comercio será o órgano competente para a ordenación e instrucción dos correspondentes expedientes.

A avalación das solicitudes de participación farase do seguinte xeito:

- Na web do Concello (www.barbadas.es) habilitarase un formulario onde as persoas interesadas poderán votar telemáticamente, entre os días 12 e 18 de decembro de 2023, ata as 14:00 h.
- Unha vez se coñeza o/a gañador/a do concurso, comunicáraselle formalmente, mediante notificación, e ademais publicarase na web do Concello (www.barbadas.es).

Artigo 5. Premios





CONCELLO DE BARBADÁS

Establécense os seguintes premios:

1º premio ao mellor balcón de 200 €

1º premio a mellor xanela de 200 €

1º premio ao mellor portal de 200 €

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 431.480 do municipal para o ano 2023 cun importe total de 600 €.

Artigo 6. Criterios de adxudicación dos premios

Os premios serán adxudicados por orde aos participantes que obtivesen máis votos telemáticos.

Artigo 7. Entrega de premios

O día 21 de decembro publicarase o listado das persoas gañadoras.

O día 22 de decembro entregaranse os diplomas as persoas gañadoras.

Disposicións Adicionais.

1. A participación no concurso suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.
2. O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.
3. En todo o non disposto das presentes bases estarase ao disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Barbadás e na lexislación estatal e autonómica na materia.
4. Non están previstas a constitución de garantías, o abono anticipado de pagamentos nin circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poidan dar lugar a modificación da resolución.
5. Estes premios son compatibles con calesquera outros da mesma natureza.
6. Será de aplicación o réxime de recursos establecido no Título V da Lei 39/2015.

